



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Considerando que as rúas Guerreira e Porto do río converxen nun mesmo punto coa avenida de Celanova, e o encontro entre estas 3 rúas presenta serias deficiencias de accesibilidade, motivo polo que se lle deu unha prioridade alta no Plan de Accesibilidade de A Valenzá.

Habida conta que a Memoria de mellora da Accesibilidade nas rúas avenida de Celanova, Guerrera e Porto do Río (expediente 4121/2017) describe as obras necesarias para mellorar as condicións de accesibilidade e seguridade dos/as peóns.

A execución deste proxecto financiarase parcialmente con fondos da Consellería de Política Social, Resolución comunicada ao Concello de Barbadás en xuño de 2018 e que forma parte do expediente mencionado. Estas obras de mellora na accesibilidade son necesarias para mellorar a seguridade viaria.

Considerando que para levar a cabo as obras de mellora da accesibilidade necesarias, dende a Concellería de Urbanismo solicitáronse orzamentos, resultando o mais ventaxoso para o Concello o presentado pola empresa : José Manuel Rivero Outomuro .

En virtude das facultades conferidas á Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

1-Adxudicarlle o contrato menor para a realización das obras de mellora da Accesibilidade nas ruas avenida de Celanova, Guerrera e Porto do Río , á Empresa José Manuel Rivero Outomuro , e cun Orzamento :Presuposto de execución material: 35.453,66€ + 21% de IVE: 7.445,27€

2- Aprobar o gasto.

3- Incorporar a factura ao expediente

4- Dar traslado da presente resolución ao interesado.

Mándao e asíno o señor Alcalde en Barbadás a 18 de setembro de dous mil dezaioito do que eu como Secretaria Xeral dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE